



Información sobre a previsión de publicacións das listas de contratación, facilitada hoxe polo SERGAS na reunión da Comisión Central:

Entre **marzo e abril** procederáse á apertura das listas de contratación das categorías de: **Alba nel, Carpinteira/o, Telefonista, Costureira/o, Perruqueira/o.**

Preguntado polas listas das **especialidades de Enfermaría** que faltan por abrir, o SERGAS indica que están traballando na súa próxima apertura, sen dar previsión de data.

Marzo:

- Provisionais das categorías de enfermaría (**Enfermeira/o, Enfermeira/o Especialista en Saúde Mental, Enfermeira/o Especialista en Obstetricia e Xinecoloxía, Enfermeira/o Especialista do Traballo, Enfermeira/o do 061**

),
Médica/o de Familia, Médica/o de Urxencias Hospitalarias, Pediatra de Atención Primaria

- Definitivas das categorías de **Técnicas/os Superiores Sanitarias/os, TCAE e Técnica/o de Farmacia** . (2ª quincena)

- Publicación das listas provisionais da Lei 17 (**Saúde Pública**), primeira quincena.

Abril:

- Provisionais de **PSX, Calefactor/a, Conductor/a, Electricista/a, Fontaneiro/a, Mecánico/a**

Maio:

- Definitivas de enfermaría (**Enfermeira/o, Enfermeira/o Especialista en Saúde Mental, Enfermeira/o Especialista en Obstetricia e Xinecoloxía, Enfermeira/o Especialista do Traballo, Enfermeira/o do 061**), **Médica/o de Familia, Médica/o de Urgencias Hospitalarias, Pediatra de Atención Primaria**

- Provisionais de **Psicóloga/o Clínica/o, Farmacéutica/o de Atención Primaria, Fisioterapeuta, Logopeda, Médico/a Coordinador/a do 061, Médica/o Asistencial do 061, Médica/o do Traballo, Odontóloga/o, Terapeuta ocupacional, Traballador/a Social**

Outros puntos tratados na reunión a instancias da CIG:

- Esiximos que se cumpran os **compromisos asinados na acta de fin de negociación do pacto** de contratacións do 2016:

- **Inicio da negociación das listas de FEAs.**
- Posta en marcha do **grupo de traballo para a análise e proposta de mellora da xestión de chamamentos e vinculacións temporais** do SERGAS.

- Expuxemos a **proposta** de que nas listas autonómicas, agora que se poden marcar as áreas de preferencia, se permita, que no prazo de un mes desde a publicación das listas definitivas, a aqueles/as aspirantes que se atopen vinculados a un contrato de longa duración nunha área na que non teñan marcada a preferencia, poidan solicitar a **renuncia sen penalización**

nos mesmos termos que se está a facer para un cambio de área. A Admón solicita que

remitamos a proposta por escrito para valorala para a seguinte comisión central.

- Denunciamos que nalgunhas áreas non teñen un criterio do que significa 3 meses para o acceso dos titulares do pool a contratos da lista xeral. A Admón entende que **3 meses son 90 días**
- Esiximos que se estableza un **criterio para os chamamentos para cobertura de ITs en áreas especiais** , para que se determine cando teñen que darse pola lista xeral, e cando polas listas de áreas especiais.
- Solicitamos que todos os **contratos de médico/a de familia se rexistren no LICOT.**
- Denunciamos que en Santiago se está a **saltar a lista de TER** de forma continua para a cobertura de TAC e RMN.
- Por enésima vez **denunciamos o mal uso, o abuso e a mala xestión que se está a facer das listas do pool** , e esiximos que se utilice para o que está acordado.
- Denunciamos que na área de Vigo seguen a **saltarse ás persoas con informes da UPRL** negándolles incluso contratos de longa duración.
- Denunciamos que nas listas definitivas de pinche e celador/a hai persoas ás que se lles retiraron puntos de formación porque se **cambiou a catalogación dos cursos de informática baremables** para estas categorías.